


A «Escuela Racionalista» de Ferrol

Eliseo Fernández



Arquivo Histórico do Ateu Libertário Ricardo Mella

Rua Washington, 36 15002 A Coruña
Apdo 928 15080 A Coruña
armella@hotmail.com

.....O terceiro número da

..... **Colección Xerminal**,.....

..... titulado

..... **A “Escuela Racionalista”
de Ferrol**.....

..... rematouse de imprimir no
mes de novembro de 2002 na impre-
sa “Tórculo” da cidade de Santiago de
Compostela.....

.....O estudo foi realizado por
Eliseo Fernández.....

.....A Colección Xerminal é unha
iniciativa do Arquivo Histórico do Ateu
Libertário «“Ricardo Mella” da
Coruña.....

Francisco Ferrer



1. A “Escuela Moderna” de Francisco Ferrer i Guardia e o ensino racionalista.

Un movemento social como o anarquismo, que insistía tanto no individuo como pedra angular do cambio social, tiña por forza que amosar unha gran inquedanza no eido educativo; a sociedade radicalmente democrática que preconizaban os libertarios, necesitaba de individuos formados e conscientes dos seus actos. Foi por iso que dende que os libertarios comezaron a actuar no movemento obreiro, desenvolveron unha importante actividade no eido educativo. As teorías educativas anarquistas consolidáronse so a rúbrica do “ensino integral”, cos anarquistas franceses Paul Robin e Sebastian Faure como importantes teó-

ricos, ao tempo que pioneiros da práctica educativa libertaria, a finais do século XIX.

Foi a partir da inauguración da “Escuela Moderna” de Francisco Ferrer i Guardia en setembro de 1901, en Barcelona, cando as inquedanzas educativas do movemento libertario atoparon a que sería a súa forma definitiva até o fin da guerra civil en 1939. A propia traxectoria da “Escuela Moderna”, a teima de Ferrer na organización federativa das escolas racionalistas, e a difusión dun método educativo e dun conxunto de publicacións propias, foron as bases que serviron para a reprodución do devandito modelo nos anos seguintes, tanto na Península Ibérica como en diversas partes do mundo.

A experiencia da “Escuela Moderna” extendeuse rapidamente por Catalunya da man do obreirismo anarquista e parte do republicanismo, mais Francisco Ferrer i Guardia foi perseguido pola súa actividade; acusado de instigar os sucesos da “Semana Trágica” barcelonesa no verán de 1909, Ferrer foi inxustamente condenado a morte e fusilado nos foxos do Castelo de Montjuich o 13 de outubro de 1909.

O asasinato do creador da “Escuela Moderna” e a contestación internacional que produciu, deron como resultado a difusión do ensino racionalista e a creación dunha figura simbólica de fondo significado para o proletariado e os sectores máis progresistas da sociedade: o Ferrer i Guardia mártir, vítima da reacción e o obscurantismo. Paradoxalmente, a actitude represiva das autoridades españolas fixo máis pola expansión do ensino racionalista que calquera campaña coa que os anarquistas poideran ter soñado.

O modelo da “Escuela Moderna” de Ferrer foi extendéndose da man da actividade dos grupos anarquistas e das sociedades obreiras de signo libertario, ás veces mesmo coa colaboración doutras forzas de esquerda. E Galiza foi tamén terra fértil para as ensinanzas de Ferrer.

Detención de Francisco Ferrer



2. O ensino racionalista na Galiza.

Xa no século XIX existiron na Galiza precedentes do ensino racionalista, como foron as escolas laicas que promoveron os grupos de librepensadores da Coruña e Ferrol. En ambas dúas cidades, as forzas ligadas ao republicanismo impulsaron a creación de entidades educativas como a “Escuela Laica Martín Lutero” de Ferrol (1888) e a “Escuela Laica Miguel Servet” da Coruña (1890).

No dealbar do século xurdíu na Coruña a escola laica da “Antorcha Galaica del Librepensamiento” (sostida polo Partido Republicano e sociedades obreiras), moito máis próxima ao obreirismo da capital herculina, até o punto de que entre os seus profesores estiveron dous activos militantes libertarios, como Juan José Cebrián García e Constancio Romeo Lasarte¹.

Esta tradición de laicismo escolar foi potenciada no eido rural polas “escolas de indianos”, xurdidas ao calor das sociedades dos emigrantes galegos en latinoamérica, que incluían entre os seus obxectivos a creación de escolas nas súas zonas de orixe: o roce migratorio coas ideas avanzadas da época fixo que aquelas obras de instrucción estiveran na súa maioría enchoupadas dun sentido laico, en contraposición á actitude obscurantista e retrógrada patrocinada pola igrexa católica, que os nosos emigrantes quixeron combatir.

A relación entre o laicismo escolar dos emigrantes galegos e o racionalismo anarquista personificouse na figura do polémico ex-líder do agrarismo anarquista, Manuel Martínez Pérez, emigrado na illa de Cuba. O antigo dirixente da “Unión Campesina” fundou na Habana a chamada “Asociación Galaica de Instrucción Racionalista 13 de octubre”, que en 1913 convocaba un mitin con motivo do aniversario do asasinato de Ferrer, ao que acudiron representantes dun bó número de asociacións de instrucción dos emigrantes galegos².

Os acontecementos da “Semana Trágica” de 1909 polos que foi condenado Ferrer, motivaron tamén a clausura da escola laica da “Antorcha Galaica del Librepensamiento” na Coruña, pero ao tempo impulsaron unha nova etapa de florecemento do ensino laico na Galiza, e, moi especialmente, na cidade herculina; esta nova etapa estivo marcada pola influencia da obra de Francisco Ferrer i Guardia e pola activa presenza de militantes anarquistas e sociedades obreiras deste signo.

Na Coruña funcionaron neste período o “Colegio Laico Fröebel” (dirixido novamente por Constancio Romeo), a escola laica dirixida por Eduardo Corral, a “Escuela Racionalista La Luz” (a cargo do militante libertario Joaquín Patricio Patiño) e, xa nos anos 20, a escola racionalista do sindicato mariñeiro “El Despertar Marítimo” (na que participou o libertario francés Gastón Leval)³.

Coa revitalización do movemento libertario na década dos 30 houbo novos intentos de establecer escolas libertarias, especialmente na Coruña. Un daqueles intentos estivo a cargo do grupo anarquista “Helios” que tentou impulsar unha escola para a que xa tiña escollida como mestra á veterana militante libertaria e naturista Antonia Maymon; finalmente a iniciativa non chegou a tomar forma. Nestes tempos funcionaba tamén en Vigo a escola “Luz”, sostida por G. Pereyra, que en xuño de 1931 acollía nas súas aulas a unhas 50 rapazas e rapaces⁴.

Escuela Laica

Fundada

por "La Antorcha Galaica del Libre Pensamiento"

Cuadro

de la distribución del tiempo y del trabajo

Lecciones, lecturas y actividades prácticas, mañana y tarde

| <i>Mañana</i> | | <i>Tarde</i> | |
|------------------|--------------------------|------------------|-----------------------------|
| <i>Lunes</i> | <i>Gramática</i> | <i>Lunes</i> | <i>Aplicación</i> |
| <i>Martes</i> | <i>Aritmética</i> | <i>Martes</i> | <i>Historia y Geografía</i> |
| <i>Miércoles</i> | <i>Geografía</i> | <i>Miércoles</i> | <i>Aritmética</i> |
| <i>Jueves</i> | <i>Moral y Naturales</i> | <i>Jueves</i> | <i>No hay clase</i> |
| <i>Viernes</i> | <i>Aritmética</i> | <i>Viernes</i> | <i>Aritmética</i> |
| <i>Sábado</i> | <i>Prácticas</i> | <i>Sábado</i> | <i>Geografía</i> |

Trabajos manuales, Recreaciones de descanso y conocimientos naturales

Revisita de higiene todos los días, mañana y tarde

Dibujo lineal - Francés

Horas de clase: de 9 a 12 y de 14 a 17.

La Coruña 26 de Septiembre de 1906


El Presidente del S. D. Helios

Félix Flores

El Director

Antonio Maymon

Escola laica da
«Antorcha Galaica
del Libre Pensamiento»



3. Movimiento obreiro e cultura en Ferrol

Ferrol era a principios do século XX unha cidade de 25.000 habitantes, adicada case que en exclusiva á construción naval e ás actividades portuarias. Os arsenais, creados no século XVIII, e os asteleiros da Graña, construían buques para a armada e, ocasionalmente, outro tipo de embarcacións. A relativa prosperidade da cidade, sobre todo nas épocas en que había carga de traballo no sector da construción naval, conformaron unha sociedade moderna e dinámica. Unha cidade que veu nacer a persoaxes de carácter tan dispar como os irmaos Ramón e Francisco Franco, Pablo Iglesias Posse, José Canalejas, Aurora Rodríguez Carballeira (a nai de Hildegart), Severiano Martínez Anido ou Antonio Soto Canalejo.

Nestes tempos a clase obreira atopábase afastada dos foros culturais e incluso da simple posibilidade de acceder a uns mínimos coñecementos. A finais do século XIX, coa aparición de sociedades culturais

ligadas ao republicanismo, como o "Ateneo Ferrolano", iniciouse unha tímida democratización da cultura, aínda que até 1905 non accedeu á súa tribuna un traballador ferrolán: foi o obreiro forxador do Arsenal, Rafael Rouco, quen presentou os seus puntos de vista sobre temas como "O comunismo e a evolución económica" ou "Significación da festa do 1º de maio".

Ao tempo, outras sociedades como o "Centro de Maestranza del Depósito de Ferrol" ou o "Centro de Estudios Sociales Floreal", avanzaron no camiño da participación obreira nas actividades culturais; estas asociacións estaban xa formadas maioritariamente por persoas procedentes da clase traballadora. O "Centro de Maestranza" era a asociación dos traballadores dos Arsenais do Estado, que misturaban o traballo cultural coa defensa dos intereses colectivos, diante das limitacións á súa sindicación polo carácter militar dos asteleiros. Pola súa banda, o "Centro de Estudios Sociales Floreal", era unha sociedade cultural ao estilo do coruñés "Centro de Estudios Sociales Germinal", que enumeraba así os seus obxectivos no momento da súa creación, en 1907: "Desterrar do cérebro do proletariado as preocupacións e convencionalismos que nos deixou o pasado, reforzados por XIX séculos de fanatismo embrutecedor". A traxectoria das dúas sociedades foi ben distinta, xa que mentres o "Centro de Maestranza" durou até a década dos 20, o "C.E.S. Floreal" deixou de funcionar en 1909, sen apenas rastros da súa actividade.

Pero foi a partir de 1910 cando se produciu a completa transformación do movemento obreiro en Ferrol, coincidente coa contratación de novas construcións navais no marco do "Plan de Escuadra de Ferrándiz". Paralelamente ao impulso da construción naval, produciuse a privatización dunha parte dos Arsenais, que foron arrendados a unha empresa privada, a "Sociedad Española de Construcción Naval". Os asteleiros pasaron en poucos anos de seiscentos a tres mil traballadores, e con iso producíuse unha espectacular reactivación do movemento obreiro. Co crecemento do obreirismo ferrolán houbo un rexurdir do anarquismo fronte ao socialismo, maioritario dende a década dos 90

do século XIX. E tamén houbo unha maior participación da clase traballadora en todas as actividades culturais, chegando a crearse unha asociación especificamente obreira, como foi o “Centro Obrero de Cultura y Beneficencia de Ferrol” (C.O.C.B.).

O COCB foi fundado a finais de 1911 por militantes anarquistas (como Saturnino Hermida ou Román Delgado), socialistas e republicanos. O seu traballo cultural tivo varias vertentes: o labor bibliotecario, as conferencias, as excursións instructivas, e as escolas nocturnas. E este traballo do COCB repercutiu fundamentalmente na formación dunha clase traballadora que até aqueles anos estaba condeada á indixencia moral, material e cultural. Nos primeiros tempos do COCB houbo varias actividades relacionadas coa educación racionalista: nun folleto editado polo Centro baixo o título “Opiniones sobre Cultura” (Ferrol: El Correo Gallego, 1913), recollíanse as palabras que Anselmo Lorenzo escribiu ex profeso para o COCB chamando á mancomunidade das institucións obreiras de cultura e ao establecemento de escolas racionalistas para a loita contra o privilexio e a explotación; por outra parte, en outubro de 1912 o profesor racionalista colombiano Juan Francisco Monacaleano ofreceu unha conferencia no “Centro Obrero de Cultura y Beneficencia”. A partir de 1916 varios militantes libertarios abandonaron o COCB, disconformes coa súa andaina; coa perda de influencia dos libertarios no COCB, desapareceron tamén as actividades vencelladas ao ensino racionalista⁵.

Na década dos 10 producíronse tamén os primeiros esforzos por establecer escolas racionalistas na comarca de Ferrol, ao calor do crecemento das sociedades obreiras vencelladas ao anarcosindicalismo, agrupadas no “Ateneo Obrero Sindicalista de Ferrol”. É importante destacar que este crecemento da influencia dos anarcosindicalistas produciuse a partir da creación en Ferrol do grupo anarquista “13 de octubre”, cuxo nome evocaba significativamente a data na que foi fusilado Francisco Ferrer.

Cando tivo lugar a fundación do Ateneo Obrero Sindicalista, en

maio de 1913, un dos obxectivos enunciados na súa presentación foi a creación dunha Escola Racionalista na comarca. Durante varios anos, a "Comisión Pro-Escuela Racionalista" do "Ateneo Obrero Sindicalista" reuniu cartos para a fundación da mesma, que proviña da recadación de actos organizados para o caso, así como das cotizacións de particulares e sociedades obreiras da comarca, incluídas algunhas socialistas. As actividades para a creación das escolas foron publicitadas a través do periódico "La Batalla Sindicalista", portavoz do Ateneo, que emprendeu unha campaña para levar adiante o proxecto a finais de 1913⁶.

A partir de 1916, o debilitamento do anarcosindicalismo ferrolano fixo que as súas actividades descansasen practicamente nas tarefas da "Comisión Pro Enseñanza Racionalista". E ésta aínda pasou dificultades en abril de 1917, cando se chegou a plantexar donar a acantidade acumulada como resultado da subscripción (paralisada dende 1916) a unha escola racionalista que estaba a crearse en Cádiz. Finalmente, a doazón non se produciu, e a "Comisión Pro Enseñanza Racionalista" reanudou a recadación de cartos para a creación da escola.

Cara a 1918, un dos máximos impulsores do "Ateneo Obrero Sindicalista" e da "Comisión Pro Enseñanza Racionalista", José López Bouza, abandonaba a súa militancia anarcosindicalista para pasar ao Partido Republicano, ao tempo que fundaba unha escola no barrio de Canido. Aínda que non existe demasiada información sobre a antedicta escola, é posible que estivera fundada cos fondos obtidos pola "Comisión Pro Enseñanza Racionalista", xa que en novembro de 1919, o seu fundador aínda mantiña vínculos co anarcosindicalismo local e pronunciaba unha conferencia no renacido "Ateneo Obrero Sindicalista", sobre o tema "Educación Racionalista".

Desta escola de José López Bouza, que durou até ben entrada a década dos 20, non temos demasiada información. Só sabemos que sempre estivo radicada no barrio de Canido, aínda que tivo polo menos

tres locais distintos (algún deles foi ao tempo o fogar de José López Bouza e a súa familia) e que a ela acudían tanto nenos como persoas maiores, procedentes de toda a bisbarra de Ferrol.

O anarcosindicalismo ferrolano emborcou as súas forzas a comezos de 1920 na fundación da CNT na comarca, pero, a partir de 1921, sufriu unha nova crise, motivada polo asasinato do Presidente da Asociación Patronal, Nicasio Pérez. A represión que seguiu en Ferrol a este feito, e as trabas impostas ao sindicalismo anarquista por medio do Real Decreto de 10 de marzo de 1923, causaron a práctica desaparición da CNT durante os anos da Dictadura de Primo de Rivera e, polo tanto, a ausencia de calquera actividade relacionada co ensino racionalista.

Colexio Laico Fröebel

Reglamento Interior

Objeto

Síndolo la Escuela el templo donde se rinde culto a las inconexas deducciones de la ciencia, y a la vez, el taller donde se modela al niño — como ente moral y físico — en forma tal que al llegar a hombre sea hombre laborioso, verídico, inteligente y útil a sus semejantes, precisa, para conseguir tan elevada finalidad, y dada la ignorancia del niño, preceptuar las reglas indispensables para el mejor régimen interior del establecimiento y a este fin se establecen en forma articulada los preceptos necesarios al buen régimen escolar.

Artículo 1.º — Síndolo la Escuela el templo de la ciencia, mántos en el penúltimo de te-



4. A “Escuela Racionalista de Ferrol”.

A aparición da “Escuela Racionalista de Ferrol” non pode explicarse sen ter en conta o novo período que se abriu o 14 de abril de 1931, coa proclamación da II República. A restauración republicana facilitou a recomposición da CNT en Ferrol, que concluiu en agosto de 1931 coa fundación da “Federación Comarcal de Sindicatos Únicos de Ferrol”. O regulamento da Federación Comarcal deixaba patente que os traballadores anarcosindicalistas mantiñan o seu interese na fundación de escolas racionalistas, sinalando no seu artigo 3º: “Será a encargada de unificar o esforzo sindical para o establecemento de Escolas Racionalistas, as cais rexentará en nome da organización”.

O renacemento do anarcosindicalismo foi un importante factor na conflictividade daqueles anos, con movementos como a folga do verán de 1932 polos despidos no sector naval, que durou máis dun mes en Ferrol e que levou a unha folga xeral de varios días en toda Galiza a

principios de xuño de 1932, convocada pola “Confederación Regional Galaica” (C.R.G.) da CNT. A Federación Comarcal de Sindicatos Únicos chegou en pouco tempo a contar con 3.000 afiliados, principalmente agrupados no “Sindicato General de Trabajadores de Industria Naval”, e algo menos nos Sindicatos de “Transportes” e “Camareros y Cocineros”. Tamén nos veciños concellos de Mugar dos e Pontedeume xurdiron sindicatos da Confederación. Este importante nivel de afiliación representaba o caldo de cultivo no que podía desenvolverse unha experiencia de educación racionalista, mais faltaba o elemento catalizador, que foi o oficial de telégrafos Francisco Iturralde.

Francisco Iturralde Cabeza de Vaca era fillo dun médico militar, que nacera en Valladolid o 22 de novembro de 1896⁷. En 1921, tras estudar tres anos da carreira de medicina, ingresou no corpo de telégrafos para poder casar coa súa moza Marina Ochotorena. Exercendo a súa profesión viviu en Andalucía, Galicia, Canarias e Cataluña, até que, a finais de 1930, foi destinado a Pontevedra. Desta época son as súas primeiras actividades coñecidas como militante anarquista: alí participou no periódico “Revolución”, actuou na CNT e tomou parte en actividades clandestinas da “Federación Anarquista Ibérica” (FAI)⁸. Entre os actos nos que participou destaca o mitin celebrado o 1º de maio de 1932 en Tui, xunto ao veterano militante anarquista e escritor Mauro Bajatierra; mais por estas datas comenzaron tamén os seus problemas coas autoridades, sufrindo un rexistro domiciliario o 15 de xullo de 1932. As súas actividades como militante anarcosindicalista fixeron que en 1933 se lle abriera un expediente e fora separado do corpo de telégrafos, aínda que seguiu traballando, trasladado a Ferrol como mecánico interino.

Unha persoa coa preparación intelectual de Iturralde⁹ era o que lle faltaba aos traballadores anarcosindicalistas de Ferrol para emprender unha obra como a da “Escuela Racionalista”. Nos tempos anteriores á chegada de Iturralde impartíanse algunhas aulas nos locais sindicais da CNT, especialmente no do Sindicato de Transporte, en Ferrol Vello; porén, esta actividade era máis ben discontinua, adicada espe-

cialmente a adolescentes e traballadores que tiñan pouca formación.

Nos primeiros tempos a escola funcionou sen que, aparentemente, tivera contacto coa CNT local: a escola resultou unha iniciativa persoal de Francisco Iturralde, que a creou na súa propia vivenda, un piso primeiro do número 159 da rúa Canalejas (hoxe rúa Magdalena). Aínda que Francisco Iturralde carecía da titulación necesaria para legalizar a escola, este problema puido solventarse gracias á cooperación desinteresada dun dos máis curiosos personaxes de Ferrol naquela época: o ex-sacerdote e licenciado en dereito Matías Usero Torrente. Despois de abandonar o sacerdocio, Matías Usero fora militante socialista, membro da masonería e, posteriormente, de Unión Republicana; ademais destas actividades políticas, Usero publicou varios libros na Editorial "Orto" de Valencia, expondo a súa concepción non dogmática do fenómeno relixioso, e tamén foi colaborador das revistas "Orto" e "Estudios". Pois ben, Usero, ao simpatizar coa iniciativa de Iturralde aceptou figurar como director da escola, aínda que na realidade non colaborara con ela mais que ocasionalmente.

A discreción con que foi inaugurada a escola o 2 de maio de 1932 reflicte ben ás claras que a creación da escola foi unha iniciativa persoal de Francisco Iturralde. Só o diario "CNT" de Madrid recollía (o mesmo día da inauguración da escola) un chamamento a editoriais e grupos adicados á edición de libros racionalistas, para que enviasen os seus catálogos de publicacións e materiais pedagóxicos; neste aviso incluíase unicamente o enderezo da propia escola e ao tempo domicilio de Francisco Iturralde, sen que aparecese ningunha referencia a organismos da CNT de Ferrol e á súa bisbarra.

Foi no verán cando a devandita situación foi correxida coa incorporación de boa parte dos cadros da CNT ás tarefas de apoio á escola racionalista. Este apoio concretouse na creación da "Liga Racionalista", cuxa documentación foi presentada diante do Gobernador Civil o 31 de xullo de 1933 polo militante das "Juventudes Libertarias" Ra-

món Rego Freire. Os primeiros actos que a “Liga Racionalista” organizou en apoio da escola dirixíronse á difusión dos fundamentos do ensino racionalista e, ao mesmo tempo, serviron para recadar cartos para a manutención da mesma; o primeiro deles foi un festival artístico, coa interpretación dun drama social e unha conferencia de Francisco Iturralde. O segundo foi unha velada necrolóxica en memoria de Ferrer, no XXIV cabodano do seu asasinato.

Por estas datas comenzaba novamente a actividade docente da “Escuela Racionalista”, que inauguraba o seu primeiro curso regular (o anterior comezou en maio para rematar no verán, polo que a escola apenas funcionou neste período). De xeito paralelo ao inicio do curso, a Liga Racionalista organizou unha controversia entre Matías Usero e Francisco Iturralde sobre o tema “Materialismo e existencia da divindade”, que a pesares do seu carácter amistoso alongouse dende outubro de 1933 até xaneiro do ano seguinte. Esta controversia tiña tamén como obxectivo publicitar as actividades da “Escuela Racionalista de Ferrol”. Ao comezo de 1934 os contendentes no debate declaráronse incapaces de convencerse mutuamente, polo que remataron cunha discusión de alto nivel intelectual que suscitou o interese do público ao longo de varios fins de semana entre os meses de outubro e xaneiro.

Francisco Iturralde conseguía compatibilizar o seu traballo coas tarefas docentes ao facer gardas nocturnas na oficina de telégrafos e reducindo ao mínimo as súas horas de descanso. E aínda lle quedaba algo de tempo para participar en controversias, dar charlas no Ateneo Ferrolano e inclusive en pobos dos arredores. Unhas actividades que sufriron un parón cando Iturralde foi detido varios días, en febreiro de 1934, xunto a outros 25 militantes da CNT, cos que participaba nunha reunión sindical en Neda, non permitida polas autoridades.

O primeiro curso completo da escola terminou o 28 de xullo de 1934. Aínda que o proxecto de Iturralde era non interromper as clases e

formar unha colonia escolar nalgunha das praias da zona para continuar as clases en plena natureza, esta idea non puido realizarse por motivos económicos e pola necesidade de reorganizar a escola. No seu lugar proxectáronse unha serie de excursións instructivas, coa finalidade de recoller materiais e datos para analizar posteriormente no seguinte curso escolar.

O curso 1934-1935 comezou o 3 de setembro de 1934, outravolta de maneira accidentada, xa que ao pouco tempo da súa inauguración, o movemento revolucionario de outubro veu interromper actividades da escola; o problema máis grave foi a detención de Iturralde a principios do mes de novembro, xunto coa doutros colaboradores da escola racionalista. Ao saír da cadea, Iturralde continuou coa súa actividade docente, as conferencias (varias delas no "Sindicato de Transporte" de Ferrol Vello), ao tempo que comezaba tamén a publicar unha serie de artigos de divulgación científica no periódico anarquista coruñés "Brazo y Cerebro".

Aliás, neste curso produciuse a mudanza de local á rúa da Terra, 76, o que tamén significou algúns transtornos para o seu funcionamento. A distribución deste novo local era distinta, xa que a escola ocupaba dous pisos do edificio e, novamente, un deles servía como vivenda para Francisco Iturralde, Marina Ochotorena e os seis fillos que tiñan. Alonxados do Ateneo Ferrolano, deixaron de usarse os seus locais para as charlas, conferencias, cursiños e obras de teatro.

O que sería o último curso da escola (1935-1936) iniciouse cunha novidade, como foi o "Cursillo Popular" que organizou a "Escuela Racionalista" ao longo de cinco domingos dos meses de setembro e outubro de 1935; este cursiño consistía nunha serie de conferencias no Cine "Cinema" da localidade, nas que, previo pago dunha entrada (que ía dende os 25 aos 50 céntimos), podían escoitarse as charlas instructivas de Francisco Iturralde, Matías Usero e o médico Álvaro Paradela. O "Cursillo Popular" quería ser, ademais, preparatorio do

grande proxecto que desexaba realizar Francisco Iturralde, que era o da creación dunha Universidade Popular. Despois do cursiño fíxose unha serie de proxeccións cinematográficas, que ían seguidas de conferencias instructivas.

Como continuación estabase preparando un novo ciclo de conferencias sobre economía agraria, ecoloxía e doenzas sexuais, pero, a comezos de 1936 houbo diverxencias entre os responsabeis da Liga Racionalista e Francisco Iturralde, que levaron á separación deste último das tarefas da escola. Posiblemente as diverxencias foran motivadas polos ambiciosos proxectos de Iturralde, desexables dende o punto de vista educativo, pero excesivamente custosos en termos económicos e de esforzo para os militantes da Liga Racionalista.

A Liga tratou de buscar un novo profesor e até chegou a facer unha convocatoria a través da prensa anarquista, mais ao final foi o ferrolán Alonso Alonso Alonso, a quen se contratou interinamente até concluír aquel ano escolar, sen que teñamos apenas datos sobre a súa traxectoria anterior. Pola súa parte, Francisco Iturralde, repostou xa no corpo de telégrafos, continuou coa súa actividade como conferenciante e cos seus proxectos: a finais de xaneiro de 1936 estaba prevista unha excursión a Betanzos na que o veterano mestre Juan Expósito falaría sobre ensino racionalista, mentres que Iturralde expoñería o seu proxecto de universidade proletaria.

O levantamento militar rematou abruptamente coa experiencia da “Escuela Racionalista” de Ferrol; o local foi asaltado e a súa biblioteca saqueada e queimada. Alonso Alonso, o novo profesor, apenas sufriu persecución, mais a maioría dos inspiradores e colaboradores da escola foron perseguidos; así aconteceu co caldeireiro e incipiente autor dramático Marico Rico Cobas e co propio Francisco Iturralde, que foron alevosamente asasinados o 18 de agosto e 10 de setembro de 1936, respectivamente. Outro colaborador da escola que foi vítima do levantamento militar foi Matías Usero, asasinado o día 20 de agosto.

Comezada a guerra aínda se cobrou unha cotización á “Liga Racionalista”, clandestinamente, pensando que novamente podería capearse o temporal. Mais a realidade foi que a represión continuou con grande intensidade até a fin da guerra civil. Así as cousas, os escasos fondos da escola foron entregues polo secretario da Liga Racionalista a varios militantes libertarios que estaban agachados na bisbarra de Ferrol, para axudalos a subsistir naqueles difíciles anos¹⁰. Mentres, as notas de pertenza á “Liga Racionalista” ou de colaboración coa “Escuela Racionalista” serviron para engrosar causas xudiciais contra militantes libertarios, que en non poucas ocasións foron condenados a morte ou longas penas de reclusión.



Saturnino Hermida Cebreiro, traballador do concello e antigo militante anarquista, colaborou coa Escuela Racionalista doando libros para a súa biblioteca



Francisco Iturralde
Cabeza de Vaca,
creador da «Escuela
Racionalista» de
Ferrol, asasiñado en
1936

5. A actividade educativa da “Escuela Racionalista de Ferrol”

Apesar de os arquivos apenas conter documentos sobre a actividade da “Escuela Racionalista” de Ferrol, conseguiu-se facer unha reconstrución das actividades da mesma a través das referencias na prensa anarcosindicalista da época (“Solidaridad Obrera”, “Solidaridad” e “Brazo y Cerebro” da Coruña), da prensa diaria (“El Correo Gallego” de Ferrol e “La Voz de Galicia” da Coruña), complementado todo iso coas valiosas lembranzas de antigos militantes cenetistas, alumnos da escola e familiares dos seus creadores e colaboradores.

5.1. Locais

Un dos problemas máis importantes cos que se atopou a “Escuela Racionalista” foi a falta dun local axeitado ás actividades escolares e divulgativas. No primeiros curso da escola, entre 1933 e 1934, utilizouse como local a propia vivenda de Francisco Iturralde na rúa Canalejas, 159. Aínda que a vivenda era moi espaciosa¹¹, non chegaba para os distintos grupos de alumnos e as actividades complementares que se querían levar adiante. Por iso, para algunhas conferencias adoitaba usarse o local do “Ateneo Ferrolano”, nos baixos da escola, e para festivais e actos de maior entidade, o teatro “Jofre”.

No curso 1934-1935 a escola trasladouse a un novo local na rúa da Terra, 76, no que se alugaron o primeiro e o terceiro andar. Novamente Iturralde e a súa familia ocupaban unha parte da escola como vivenda no primeiro andar, mentres que no terceiro había un salón amplo no que se desenvolvían a maioría das actividades escolares.

Nos dous locais había unha sala adaptada como laboratorio, e unha biblioteca, mais os creadores da escola desexaban dispor tamén dun xardín e dun salón de conferencia, así como contar coas debidas condicións de amplitude, ventilación, e luz.

No segundo ano escolar, o local elexido para a realización de actividades complementares foi o cinema “Cinema”, onde se desenvolveu o “Cursillo Popular” nos meses de setembro e outubro de 1935. Aliás, a falta dun xardín axeitado para actividades ximnásticas e un relativo contacto coa natureza foi substituído por paseos instructivos polos bairros da cidade.

Coa separación de Francisco Iturralde da escola, e debido ás dificultades económicas que atravesaba a Liga Racionalista, produciuse un novo traslado á rúa María. O novo local resultou aínda menos axeitado que o anterior para as actividades docentes, pois era un garaxe escasamente preparado para o traballo escolar.

Todoos locais de que dispuxo a “Escuela Racionalista” eran máis ou menos céntricos, o que posibilitaba que alumnas e alumnos de diversos puntos da cidade e de fora dela puideran asistir á mesma.



Francisco Iturralde, Marina Ochotorena, un dos seus fillos e un visitante da «Escuela Racionalista»

5.2. Profesores e colaboradores: a “Liga Racionalista”.

Nos primeiros tempos, o maior peso das actividades da escola foi sostido por Francisco Iturralde e a súa compañeira Marina Ochotorena; ambos os dous ocupábanse tanto das clases como do resto das actividades necesarias para o mantemento da escola. Cando se creou a Liga Racionalista, o matrimonio viuse apoiado por un bo número de traballadores anarcosindicalistas da comarca de Ferrol.

A Liga Racionalista estaba maioritariamente formada por membros da CNT e das “Juventudes Libertarias”. Entre os membros máis salientábeis da “Liga Racionalista” figuraron Ramón Rego Freire, militantes das “Juventudes Libertarias”¹² e o veterano cenetista José Merlán Picos¹³.

A súa colaboración notouse a todos os niveis, xa que tanto eles como algúns dos seus familiares implicáronse a fondo nas actividades da escola. José Merlán axudaba nas clases nocturnas a algúns adultos (aproveitando o prestixio e a confianza que inspiraba, para que algúns adultos non se desalentaran, avergoñados polas súas carencias de conocimientos), mentres que a súa filla Aurora encargábase do grupo de iniciación, formado polas alumnas e alumnos máis novos, especialmente na última etapa da escola.

Outros militantes libertarios daban clases na medida que o permitían as súas posibilidades culturais e tamén cubrían as ausencias de Iturralde e Marina Ochotorena, tratando de cooperar na educación dos rapaces e rapazas, que eles consideraban fundamental para un porvir máis xusto e igualitario. O camareiro Luis Abella, por exemplo, ensinaba algúns rudimentos de química no laboratorio da escola¹⁴ e o esperantista da Graña Francisco Lledó impartía algunhas nocións da

lingua internacional, ao tempo que colaboraba nas proxeccións cinematográficas. Incluso un fillo do ex-militante anarquista Saturnino Hermida Cebreiro, que estudaba maxisterio, chegou a facer na escola as súas primeiras prácticas.

Outros colaboradores da “Escuela Racionalista” foron algúns membros da familia Bértalo (especialmente Felicia, encargada algún tempo dos grupos de pequenos e pequenas), o metalúrxico Maximino Romero, o antigo bibliotecario do “Centro Obrero de Cultura” Manuel Mayobre Casteleiro, así como os militantes libertarios Emilio Gervais, Sanz, Naveiras e Pablo Reinoso. Hai que ter en conta que a existencia na cidade dunha industria naval cunha longa tradición fixera xurdir unha clase obreira que, aínda que talvez carecía de cultura xeral, si que posuía unha grande cultura profesional¹⁵.

A “Escuela Racionalista” era, ademais, o centro de reunión para todos aqueles militantes libertarios máis preocupados pola formación da xuventude; alí se reunían, ao sairen do traballo, procurando cooperar en todas as tarefas de mantemento e limpeza do local, así como na organización de actividades paralelas. No local da escola facían a súa tertulia, comentando as novidades da xornada e a situación política. Os membros da Liga Racionalista eran os encargados do cobro dos recibos dos 300 socios que a compoñían. Aínda así, os seus esforzos eran insuficientes para manteren as actividades da escola, xa que segundo os cálculos dos seus responsabeis, facían falta polo menos 1.000 socios para que o problema económico deixase de existir.

A colaboración dos sindicatos da CNT era tamén importante, aínda que sufría altibaixos segundo a situación económica dos mesmos e a conxuntura política; despois de épocas de conflictividade había menos afiliados, os sindicatos podían estar clausurados e ademais había que atender aos compañeiros presos, polo que as cotizacións á “Liga Racionalista” diminuían. En tempos de tranquilidade as cotizacións facíanse máis regulares e as cantidades eran maiores. O “Sindicato

General de la Industria Naval de Ferrol" destinaba unha cantidade mensual á escola, que en outubro de 1935 era de 25 pesetas. Por outra banda había sindicatos, como o de Transportes, que matían tamén unha escola nos seus locais, polo que seguramente non cotizaban para o sostemento da Liga Racionalista.

Para sufragar os gastos da escola, as familias dos alumnos pagaban a súa cota a traveso da "Liga Racionalista"; aínda que a cota mínima era de 0,50 ptas., esta variaba segundo a capacidade adquisitiva das familias e tamén segundo o número de fillos que a compuxesen. Aos fillos dos presos ou dos parados non se lles cobraba e aos membros de familias numerosas facíase un importante desconto na cota.

Outro medio de financiamento eran os cartos recadados con outras actividades organizadas pola "Liga Racionalista", como as conferencias e cursiños populares en locais públicos da cidade. En varias ocasións realizáronse tamén obras de teatro a beneficio da escola. Estas obras ensaiábanse nos locais da escola e eran interpretadas por colaboradores e simpatizantes da "Escuela Racionalista". Unha destas obras foi a titulada "Nueva generación libre", escrita polo coñecido militante sindical Mario Rico Cobas, estreada en febreiro de 1934.

Ademais dos militantes anarcosindicalistas, había outros personaxes da vida cultural da cidade que colaboraban tamén coa escola, aínda que o facían máis nas actividades paralelas, como conferencias e cursiños, que no funcionamento regular da mesma. Xa vimos o constante apoio que o ex-sacerdote Matías Usero emprestou á escola, e tamén a participación de Usero e do médico Álvaro Paradela no "Cursillo Popular" celebrado en 1935¹⁶. Juan Alfonso Viaño foi un profesor doutro centro educativo que deu clase na escola como troco, ao ir Iturralde dar clases de matemáticas na outra escola, como recoñecido especialista que era. Outro intelectual ferrolán, Pedro Almazán, participou nalgunha das obras de teatro representadas a beneficio da escola racionalista.

A colaboración destes intelectuais viña suplir as lóxicas carencias culturais da militancia anarcosindicalista, que moi difícilmente podía compatibilizar o esgotador traballo diario co estudo e a investigación.

Vicente Castelo, fundador da Sociedad Recreativa e Instructiva de Loiba, colaborou ca Escuela Racionalista doando libros para a súa biblioteca



Selo de «La Antorcha Galaica del Libre Pensamiento»

«Amor que se afirma», do militante da CNT da Coruña Xosé Claro Sendón. É un título da serie «La Novela Ideal»



Selo do «Centro Obrero de Cultura»

As Aventuras de Nono, por Juan Grave



5.3. Biblioteca e materiais pedagóxicos.

A biblioteca da escola formouse coas doazóns dos seus creadores e dos militantes libertarios que apoiaron a iniciativa, así como doacións de persoas alleas ás actividades da escola, que admiraban o labor realizado nela. Unha boa parte dos libros proviña da cesión que fixo o empregado municipal e antigo militante anarquista Saturnino Hermita Cebreiro, despois de coñecer a Francisco Iturralde¹⁷, con motivo dunha das súas conferencias.

Outros libros proviñan de doazóns que realizaban simpatizantes libertarios e editoriais afíns de fóra de Ferrol, en resposta aos chamados que a “Liga Racionalista” efectuaba na prensa libertaria. Algunhas das editoriais que colaboraron coa escola foron as valencianas “Helios” e “Estudios”.

Canto ao tipo de libros existentes na biblioteca da “Escuela Racionalista”, sábese que moitos deles eran volumes clásicos de calquera biblioteca libertaria, como as obras de Eliseo Reclús (“La Montaña”, “Las fuerzas subterráneas”, “Los ríos”, “Geografía Universal” e, por suposto, “El hombre y la tierra”), obras de divulgación sexual (como as típicas da editorial “Estudios”, así como a “Guía Sexual” de Vander ou os “Temas sexuales” de Martín de Lucennay), medicina naturalista (tamén as da editorial “Estudios”), e aquelas coleccións de “La Novela Idela” que editaba en Barcelona a familia Montseny. Outros libros centrábanse máis no traballo educativo, como as imprescindibles “Publicaciones de la Escuela Moderna”, as enciclopedias (o Diccionario Enciclopédico Salvat), libros de xeografía, arte, e libros infantís (como por exemplo “Las aventuras de Nono”, de Jean Grave” ou “Nanín y Lolita” do publicista libertario Mauro Bajatierra).

Mais hai que sinalar que na biblioteca da escola apenas había libros de teoría anarquista ou de temas sindicais e sociais, xa que había un grande respecto pola formación dos nenos; téntabase que o ensino estivese afastado da propaganda das ideas nos primeiros anos, até que os rapaces e rapazas fosen quen de decidir pola súa propia conta.

O saqueo e destrución da biblioteca non nos permitiron reconstruír unha imaxe fiable do tipo de libros que compuñan a biblioteca da “Escuela Racionalista”, mais polos poucos que se sabe que facían parte dela, pódese deducir a súa semellanza con outras bibliotecas de escolas libertarias.

Canto a outros materiais, os promotores da “Escuela Racionalista” manifestaban o seu desexo de contar cos materiais pedagóxicos máis avanzados, para a boa marcha das actividades escolares. Nesta liña instalouse na escola un pequeno laboratorio e comprouse un manequí para as clases de anatomía.

Nas actividades paralelas á escola, como os cursiños populares, utilizábanse tamén materiais novidosos para a época. Na sección de “Bioloxía e Euxenesia”, impartida por Iturralde, proxectáronse diapositivas e gráficos que fixeron as explicacións máis sinxelas para o público asistente. Tamén o cinema considerábase un elemento importante na aprendizaxe, polo que se fixeron proxeccións de filmes que ían sempre acompañadas dunha conferencia instructiva.

O material de uso diario comprábase cos fondos da escola e era propiedade da mesma; ao entraren nas clases entregábanse aos alumnos, que tiñan que devolvelo ao sairen. De acordo coa ideoloxía dos creadores da escola, os materiais considerábanse unha propiedade colectiva.

Na escola racionalista había ademais un Museo de Historia Natural, formado con aqueles materiais que se recollían nos paseos organizados pola escola e que servían despois para o estudo nas clases diarias.

5.4. O alumnado.

A maior parte dos alumnos eran fillos de militantes anarcosindicalistas, aínda que tamén había unha parte deles que acodían á escola polas facilidades económicas que se lles daba na mesma ás familias de menos recursos ou, simplemente, pola proximidade da escola aos seus fogares.

O número de alumnos da escola chegou a ser de 150, aínda que houbo épocas nas que a matrícula foi só de 40 alumnos. Os responsabeis

da escola consideraban moi interesante en 1935 que entre o alumnado abundasen as rapazas, xa que consideraban que había que facer entre elas una intensa labor educativa. Nenos e nenas ían ás mesmas clases, sen que houbera distinción entre eles nas materias nin no xeito de focar o ensino.

Nas devanditas cifras incluíanse os adultos que acodían á escola polas noites para as clases nas que colaboraban outros militantes libertarios, tratando de compensar as carencias educativas dos traballadores. Entre os alumnos destes grupos nocturnos había tamén algunha xente nova que tiña que traballar polo día e por iso non podía asistir ás clases regulares.

As clases estaban formadas por grupos de 30 alumnos cada unha, distribuídos segundo a idade e grao de instrución. Cada grupo era atendido por algún dos profesores da escola.

As ensinanzas impartidas na escola atinxían a outras persoas, que non eran alumnas de mesma, a través das conferencias e cursiños que aquela organizaba. Este público era moito máis variado que o que acodía á escola, abarcando dende persoas adultas con boa formación cultural até menores sen apenas estudos.

Entre os militantes libertarios que enviaban á “Escuela Racionalista” aos seus fillos estaban naturalmente Francisco Iturralde ou José Merlán, mais tamén outros salientes cadros da CNT local, como o traballador da industria naval José Cagiao, o cociñeiro Moisés Lago Lorenzo ou o vendedor de peixe e armadanzas do Sindicato de Transporte, Francisco Salgado.

5.5. As actividades escolares.

A “Guía de Ferrol”, editada en 1935, na súa sección de “Instrucción”, incluía unha interesante declaración de principios da “Escuela Racionalista de Ferrol”:

“ Su fundamento pedagógico es la concepción racional y científica que a la enseñanza dio Francisco Ferrer Guardia: respeto absoluto a la voluntad del niño; supresión de todo premio o castigo: sustitución de las lecciones de memoria, por explicaciones y conferencias y supresión de todo dogmatismo moral, científico y relijios, no dando como ciertos más que aquellos hechos demostrados y comprobados por la Ciencia. Su principal preocupación es la formación integral del ser humano, libre de prejuicios y amante de la libertad” .

(LANDROVE MOIÑO, JOAQUÍN. *Guía de Ferrol y su partido judicial*. Ferrol: Talleres Tipográficos La Artística, 1936)

Foi neste sentido no que se desenvolveu a actividade da “Escuela Racionalista de Ferrol”, aínda que moitos dos proxectos que se tentaron levar adiante nela resultaron frustrados polas dificultades económicas e pola represión

Como xa vimos anteriormente, a escola estruturábase en grupos de uns 30 alumnos e alumnas (practicando a coeducación de sexos), organizados segundo a súa idade e coñecementos. O grupo dos pequenos e pequenas estaba a cargo de Marina Ochotorena, mentres que Iturralde se ocupaba dos maiores. Na última etapa Aurora Merlán encargouse dos pequenos mentres que Alonso Alonso adicábase aos maiores. Nas clases de adultos colaboraban os militantes libertarios con maiores coñecementos.

O horario da escola era de 9 a 12 e de 14,30 a 17,30 para todos

alumnos, excepto os dos grupos de adultos, que comezaban as súas clases nas primeiras horas da noite, ao sairen de traballar. Na maior parte das escolas de Ferrol, o xoves pola tarde era considerado festivo, pero na escola racionalista aproveitábase esa tarde para outro tipo de actividades, como lecturas comentadas e percursos xeográficos sobre mapas, a modo de paseo turístico. Os días sinalados para que os alumnos e alumnas estivesen coas súas familias eran o sábado pola tarde e o domingo. O motivo deste horario estaba relacionado coa propia filosofía da escola, que rexeitaba as vacacións escolares, segundo se explica no resumo do curso 1933-1934:

“ Nuestro pensamiento es contrario a las vacaciones de cualquier género; no encontramos pedagógico perder el contacto con nuestros niños, ni romper el ambiente en el cual van formándose, vigilando estrechamente su evolución intelectual, como igualmente su desarrollo físico, su salud, tan necesarios ambos para la buena marcha del primero”.

(“ *Solidaridad Obrera*”. A Coruña, 4-8-34)

Nesta liña, a intención dos responsábeis da escola era non suspender as clases no verán. O plano que trazaron era o de facer colonias escolares nalgunha das praias da bisbarra, na que seguirían as clases e conferencias, e se adicaría o tempo a xogos, leccións lixeiras, ximnasia, búsqueda de plantas, animais e minerais, toma de datos xeolóxicos e xeográficos; as mostras clasificaríanse no seguinte curso escolar, pasando a formar parte do museo da escola, e os datos recollidos na natureza servirían para facer traballos escolcares. Mais as dificultades económicas da “Liga Racionalista” e dos propios padres dos alumnos impediron que este proxecto poidera realizarse en ningún dos cursos; no seu lugar, o mes de setembro utilizábase para excursións instructivas e acopio de materiais e datos, en lugar de colonias escolares. A pesar de todo, algúns grupos de traballadores si fixeron este veraneo colectivo nunha praia cercana e, ao seu xeito, continuaron coa educación dunha parte dos alumnos e alumnas da escola.

Durante o curso, a falta dun bo local e un xardín no que tivese lugar o esparcemento dos alumnos e alumnas da escola, acostumábase a facer paseos, visitar establecementos da cidade, aproveitando ao tempo para facer actividades ximnásticas nunha nave situada no porto de Ferrol. Outra carencia da escola, como era a falta dun bo salón no que celebrar conferencias, fixo que en varias ocasións o alumnado tivera que desplazarse a outros locais da cidade para escoitar as mesmas.

Canto ao contido das clases, sabemos que unha boa parte do tempo adicábase ao ensino das materias básicas, como alfabetización, matemáticas, xeografía, gramática, contabilidade, ortografía, debuxo, física, etc. Pero tamén adicábase algún tempo a outras materias que por aqueles tempos non era costume explicar nos colexios, como era a educación sexual, ou a lingua internacional esperanto, tan en sintonía cos ideais dos anarcosindicalistas ferroláns.

Ademais, nos cursiños organizados pola escola, apreciábase tamén o carácter avanzado da mesma, ao incluír materias como a agronomía, ecoloxía, euxenesia e relixión (dende un punto de vista crítico), e todo iso era acompañado das técnicas auxiliares máis avanzadas como a proxección de diapositivas, gráficos e películas.

É interesante salientar que a escola tentaba fomentar o espírito crítico dos alumnos, máis que adoctrinalos nas teorías anarquistas ou no anticlericalismo; proba disto é a presenza nos cursiños da escola de Matías Usero, que, aínda que colgara os hábitos, mantiña unha postura receptiva diante do fenómeno relixioso, e non era, a pesar de todo, o típico anarquista anticlerical. Abondando nesto, un alumno da escola lembraba que, nunha ocasión, algúns membros das “Juventudes Libertarias” deron aos nenos máis pequenos un panfleto para que o correxisen, e que a devandita conducta foilles afeada polos militantes máis veteranos, xa que eles pensaban que a escola era para aprender e non para introducir os alumnos en determinada doutrina filosófica ou social.

Tentábase que o ensino tivese un carácter eminentemente práctico, sempre que fose posible, e por iso na escola instalouse un laboratorio para experimentos escolares; tamén se trataba de contar con máis materiais pedagóxicos auxiliares, como manequíns ou mapas, que servisen para a comprensión profunda das nocións teóricas que se poideran impartir; rexeitábase, polo tanto, a simple memorización de coñecementos. Nesta liña hai que sinalar que non había libros de texto e o ensino desenvolvíase libremente sen cingirse a manuais de ningún tipo, como era corrente na maioría das escolas.

Na “Escuela Racionalista” non se facían exames, nin se usaba o sistema de premios e castigos; tanto uns como os outros ían totalmente en contra do espírito da escola. Os mestres adoitaban facer o papel de compañeiros dos alumnos no canto de poñerense nunha posición de superioridade diante deles.

Nas actividades da escola prestábase unha especial atención ao sexo feminino, ao considerar que había que facer coas mulleres un maior labor que cos homes. En xaneiro de 1934 Iturralde fixo unha conferencia no “Ateneo Ferrolano” baixo o título “El amor en la historia y su ruta hacia la libertad”, que foi anunciada na prensa como unha conferencia adicada especialmente ao público feminino. En 1935, os responsábeis da escola amosábanse satisfeitos do grao de integración da muller nas súas actividades, xa que boa parte do alumnado eran rapazas.

A presenza no local da escola de militantes libertarios de diversas idades e niveis culturais, e a súa colaboración nas actividades escolares, convertían o ensino nunha tarefa fondamente arraigada na comunidade; a existencia dun centro de traballo (a Sociedad Española de Construcción Naval) no que os traballadores convivían e mantiñan unha importante actividade sindical, e, paralelamente, un centro de ensino (a escola racionalista) no que os traballadores e as súas fami-

lias se formaban culturalmente, fortalecía os lazos comunitarios entre as familias obreiras, que tamén tiñan unha importante expresión nos momentos de lecer, a través do teatro, a música, o deporte, ou mesmo nas festas tradicionais¹⁸.

E o ensino comunitario dos anarcosindicalistas ferroláns trascendía a outros ámbitos, como o artístico: membros e colaboradores da escola racionalista interpretaban obras de teatro que representaban co fin de recadar cartos para escola; en todas as fases do proceso de organización destes actos participaban simpatizantes da escola racionalista, dende a creación dalgunha das obras (escrita polo caldereiro Mario Rico Cobas) até a interpretación das mesmas.

5.6. Trascendencia da actividade da “Escuela Racionalista”.

A actividade da “Escuela Racionalista de Ferrol” foi importante para as persoas que perfeccionaron a súa formación cultural nela e que, ao mesmo tempo, participaron daquela experiencia de ensino comunitario; a pesar da represión posterior ao levantamento militar, os lazos de afinidade creados ao calor da escola mantivéronse durante anos e anos, aínda que non houbera ningunha clase de actividade política ou sindical.

Algúns dos alumnos da escola aínda lembran o impacto que causon neles a mudanza a outro tipo de ensino tras o levantamento militar, sobre todo pola insistencia dos novos profesores na memorización dos coñecementos e pola obsesiva fidelidade aos manuais, que na escola racionalista non existían.

A escola racionalista foi ben recibida polas forzas de esquerda da cidade e incluso houbo militantes doutras tendencias que colaboraron coa escola e as súas actividades paralelas; tanto a prensa diaria como o portavoz dos socialistas ferroláns “El Obrero”, recolleron con amplitude as actividades da escola e da “Liga Racionalista”.

O feito de que a “Escuela Racionalista” fora no período da II República a única experiencia de ensino libertario na Galiza, fixo que os sindicatos da Confederación Regional Galaica da CNT a tomaran como modelo a seguir; no Pleno da CRG celebrado en Ourense en 1935 acordouse tentar estender o modelo da “Escuela Racionalista” de Ferrol ao resto da Galiza, formándose unha comisión para iso. No local do Sindicato de Transportes, en Ferrol Vello, chegou a crearse unha escola de características semellantes á “Escuela Racionalista”, mais sen o carácter público que tiña esta última.

Por outra banda, o tipo de ensino que se impartía na escola causou a animadversión do máis tradicional da sociedade ferrolá; en varias ocasións a escola foi denunciada e fixéronse rexistros nos seus locais, aínda que non se produciu o peche da mesma. Pero os embates represivos afectaron as actividades da escola na medida que tanto Francisco Iturralde como moitos dos habituais colaboradores da escola foron detidos polas súas actividades anarcosindicalistas.

O levantamento militar de 1936 foi aproveitado para rematar co traballo educativo da escola racionalista, que resultaba sumamente incómodo para a dereita e o clericalismo: a liberdade coa que se expoñían ideas escandalosas para mentalidades conservadoras, como eran a euxenesia, a liberación da muller, ou, simplemente, a educación para a liberdade que se impartía na escola, foron motivos de odio cara ao seu traballo. Un odio que culminaría co peche da escola e a persecución e asasinato dos seus promotores e colaboradores.



Traballadores ferroláns coas súas familias na praia de San Xurxo. Entre eles colaboradores e alumnos da «Escuela Racionalista»

6. Conclusións.

O modelo educativo da “Escuela Moderna” de Francisco Ferrer y Guardia e o seu martiroloxio foron os acicates da expansión do ensino racionalista a partir de 1909. Este modelo foi rápidamente asumido polos anarcosindicalistas ferroláns, que trataron de crear escolas racionalistas na comarca dende 1912, pero a falta de persoas coa preparación intelectual suficiente para o traballo educativo retardou a creación dunha escola racionalista en Ferrol até 1933, data na que chegou á cidade o oficial de telégrafos Francisco Iturralde.

Coa colaboración dalgúns intelectuais e da maior parte da militancia anarcosindicalista local, a “Escuela Racionalista de Ferrol” comezou o seu labor educativo en maio de 1933. O ensino impartido nela era moi atrevido para a súa época, na medida que afrontaba temas

como o sexo ou a relixión dende unha perspectiva aberta, sen limitacións dogmáticas; ao tempo era un ensino avanzado, no que se trataban temas como a ecoloxía, euxenesia, esperanto ou agronomía. E tamén era unha aprendizaxe eminentemente práctica, para o cal se utilizaban diapositivas, proxeccións cinematográficas, paseos educativos, e a selecta biblioteca da escola. Este carácter práctico da educación reflectíase tamén na ausencia de manuais fixos e implicaba a substitución da aprendizaxe memorística polo desenvolvemento da capacidade crítica dos alumnos e alumnas.

Por outra banda, a escola conformaba unha comunidade educativa tremendamente igualitaria, sen distinción de sexos, e na que o papel dos mestres prescindía dos atributos de autoridade e respecto para achegarse á figura do mestre compañeiro. Nelo influía a participación de moitos militantes anarquistas nas actividades da escola, algúns deles pais de alumnos e alumnas, que tamén daban clases na medida dos seus coñecementos.

A “Escuela Racionalista de Ferrol” era en 1936 unha experiencia consolidada, que superou incluso a retirada do seu creador, Francisco Iturralde. Mais era tamén unha experiencia practicamente aillada na Galiza, ao non existir apenas outras escolas racionalistas na Galiza, aínda que si había sindicatos e grupos libertarios interesados na creación de escolas semellantes. E tampouco existía coordinación de ningunha clase co movemento pedagóxico das escolas racionalistas de Cataluña ou Levante, moito máis enraizado socialmente. A pesar disto, había unha vontade de avanzar na educación das novas xeracións, que se expresaba a través da decisión da Confederación Regional Galaica da CNT de estender por toda a Galiza o modelo da “Escuela Racionalista de Ferrol” e do proxecto de Universidade Popular que Francisco Iturralde propugnaba en 1936.

O novo modelo educativo proposto pola militancia anarcosindicalista enfrontouse cos ataques da dereita e coa influencia da igrexa, que

entorpeceron as súas actividades e, ao final, decretaron o final da súa experiencia tras o levantamento militar. A participación nas actividades da escola foi motivo dabondo para sentenciar a morte a Francisco Iturralde e condear moitos outros militantes anarcosindicalistas a elevadas penas de cárcere.

O corto espacio de tempo no que se desenvolveu a experiencia impídenos avaliar a posibilidade de que a escola tivera continuidade no tempo e de que o modelo se extendera a outras cidades da Galiza. Aínda que a creación doutra escola en Ferrol Vello polo Sindicato de Transportes significaba a extensión do modelo, conven lembrar que outras experiencias similares na Galiza tiveron unha traxectoria semellante e remataron pechando as súas portas aos poucos anos do inicio da súa andaina. Nin a escasa duración da actividade da “Escuela Racionalista de Ferrol” nin os problemas económicos que sufríu permiten supoñer que esta experiencia superaría as outras preexistentes.

Na actualidade, a experiencia da “Escuela Racionalista de Ferrol” é practicamente descoñecida na cidade. E, sen embargo, é seguramente unha das heranzas máis actuais que o movemento libertario deixou para as xeneracións posteriores; para as daquela e, seguramente, para as de hoxe mesmo.



Bibliografía.

- COSTA RICO, ANTÓN. *Escolas e mestres*.
- CORRALES SODOR, FRANCISCO RAFAEL; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, ELISEO. *Unha biblioteca obreira: o Centro Obrero de Cultura y Beneficencia, 1911-1936*. Santiago: Fundación Luis Tilve, 1999.
- GABRIEL, NARCISO DE. *Republicanismo e educación en "El republicanismo coruñés en la historia"*. A Coruña: Concello da Coruña, 2001.
- PEREIRA, DIONISIO. *A CNT na Galiza (1922-1936)*. Vigo: Laiovento, 1994.
- PEREIRA, DIONISIO. *Sindicalistas e rebeldes*. Vigo: A Nosa Terra, 1998.

Arquivos consultados

Arquivo do Reino de Galicia

Arquivo da Dirección General de Correos

Arquivo do Tribunal Militar Territorial IV

Publicacións periódicas

" Brazo y Cerebro" . A Coruña, 1935-1936.

" Cultura Libertaria" . Ferrol, 1912-1913.

" El Correo Gallego" . Ferrol, 1909-1936.

" El Luchador" . Barcelona, 1931-1933.

" El Obrero" . Ferrol, 1932-1936.

" La Voz del Obrero" . A Coruña, 1913.

" Solidaridad" . A Coruña, 1934-1936

" Solidaridad Obrera" . A Coruña, 1930-1934.

Notas

1 GABRIEL, NARCISO DE. *Republicanismo e educación en " El republicanismo coruñés en la historia" . A Coruña: Concello da Coruña, 2001.*

2 " La Voz del Obrero" . A Coruña, 12 de novembro de 1913.

3 PEREIRA, DIONISIO. *Sindicalistas e rebeldes*. Vigo: A Nosa Terra, 1998.

4 " El Luchador" . Barcelona, 26 de xuño de 1931.

5 CORRALES SIODOR, FRANCISCO RAFAEL; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, ELISEO. *Unha biblioteca obreira: o Centro Obrero de Cultura y Beneficencia, 1911-1936*. Santiago: Fundación Luis Tilve, 1999.

6 " La Voz del Obrero" . A Coruña, 20 de decembro de 1913.

7 Os seus pais eran Francisco Iturralde López y María Zenaida

Cabeza de Vaca, naturais os dous de Valladolid.

8 Iturralde colaborou en “Revolución” até que o citado periódico se convertiu exclusivamente en órgano do núcleo comunista de Pontevedra.

9 Ademais de estudar varios anos da carreira de medicina e dos seus coñecementos técnicos como oficial de telégrafos, Iturralde era un destacado matemático, que mantiña correspondencia con estudiosos da materia como Rey Pastor.

10 Os cartos foron entregados polo secretario da Liga Racionalista a un dos fuxidos, o militante das JJ.LL. Luis Vila, do Alto do Castaño, que na primaveira de 1939 logrou fuxir da Galiza asaltando unha parella de pesqueiros no porto de Ferrol, xunto a outros militantes libertarios e colaboradores da “Escuela Racionalista”, entre os que estaba Maximino Romero Ramos.

11 Da súa amplitude pode dar idea o feito de que ocupara todo o primeiro andar do edificio no que se atopaba, mentres o baixo do mesmo estaba dividido en dúas partes, unha delas ocupada polo “Ateneo Ferrolano” e a outra por unha carbonería. A sala principal do local era moi luminosa, xa que posuía varios balcóns que daban á rúa Canalejas.

12 Ramón Rego foi encarcerado como consecuencia da revolución de outubro de 1934 e pouco despois de saír da cadea morreu, ao agravar o seu paso por ela unha enfermidade crónica que padecía.

13 José Merlán Picos foi membro do “Centro Obrero de Cultura” e posteriormente tomou parte na fundación da CNT en Ferrol, en 1920. Algo apartado das tarefas sindicais na II República, volcouse nas actividades da Liga Racionalista.

14 Pola fama de “home de acción” que tiña Abella, algunha xente de dereitas aproveitou para acusar á escola de ensinar aos nenos a fabricar explosivos.

15 Aínda hoxe, os traballadores da industria naval adoitan referirse aos seus compañeiros en función da súa pericia profesional.

16 Alvaro Paradela Criado tivo os seus primeiros contactos co anar-

quismo nos seus tempos de estudante en Santiago, onde chegou a formar parte da CNT. Despois da guerra civil, exerceu como médico e foi recoñecido colaborador de distintas iniciativas periodísticas de Ferrol e A Coruña, co pseudónimo de "Amaro Orzán".

17 Saturnino Hermida foi militante do grupo anarquista "13 de octubre" e un dos fundadores do "Centro Obrero de Cultura y Beneficencia de Ferrol", en 1911.

18 Era corrente naqueles tempos que moitos militantes obreiros participaran tamén en organizacións culturais ou deportivas; nos coros "Toxos e Froles", "Airiños da miña Terra" e "Ecos da Terra" había moitos militantes da CNT, e un destacado militante da CNT e da FAI de Piñeiros-Narón, Rogelio Leal, compaxinaba as súas actividades sindicais coa labor de directivo do equipo de fútbol do lugar.

Anuncio do Cursiño da Escuela Racionalista en 1935

Escuela Racionalista de Ferrol

Cursiño popular

1.ª Conferencia: mánona domingo, 29 de setembro en el Cinema Ferrol, por la mañana de diez y media a una. — 2.ª Sección por el doctor y profesor de Educación Física, Alvaro Paradaña.

Educación Física

a) Comentarillos morales.
b) Más leyes fisiológicas.
c) Unos minutos prácticos.

1.ª Sección, por el profesor de la Escuela, Francisco Barreiro.

Biología y Eugenesia

a) Mecanismo de la herencia; cromosomas.
b) Reducción cromática.
c) Zospermos, óvulos, fecundación.

Exposición de varias diapositivas y gráficos.

1.ª Sección, por el profesor Matías Userra.

Ciencia y Religión

a) La moral de la Biblia y la moral librepensadora.
b) Dios y el diablo en la moral.
c) La vida y la muerte.

Se despachan localidades en la segunda taquilla del CINEMA durante el sábado, de doce a una y media y de siete a ocho, y el domingo hasta las once.

Butacas, 50 céntimos. Demás localidades, 25 céntimos.



A “Escuela Racionalista de Ferrol” comezou o seu labor educativo en maio de 1933. O ensino impartido nela era moi atrevido para a súa época, na medida que afrontaba temas como o sexo ou a relixión dende unha perspectiva aberta; tamén se trataban temas como a ecoloxía, euxenesia, esperanto ou agronomía. Na “Escuela Racionalista” non se facían exames, nin se usaba o sistema de premios e castigos; tanto uns como os outros ían totalmente en contra do espírito da escola. Era unha aprendizaxe eminentemente práctica, para o cal utilizábanse diapositivas, proxeccións cinematográficas, paseos educativos, e a selecta biblioteca da escola.

A “Escuela Racionalista de Ferrol” era en 1936 unha experiencia consolidada, pero o levantamento militar rematou abruptamente con ela; o local foi asaltado e a súa biblioteca saqueada e queimada. A maioría dos inspiradores e colaboradores da escola foron perseguidos; así ocorreu co caldeiro Mario Rico Cobas e co propio fundador, Francisco Iturralde, que foron alevosamente asasinados o 18 de agosto e 10 de setembro de 1936, respectivamente.

Na actualidade, a experiencia da “Escuela Racionalista de Ferrol” é practicamente descoñecida na cidade. E, sen embargo, é seguramente unha das heranzas máis actuais que o movemento libertario deixou para as xeracións posteriores; para as daquela e, seguramente, para as de hoxe mesmo.